

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

18611 *Real decreto lei 18/2019, do 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social.*

I

As limitacións que no normal desempeño da actividade legislativa derivan do feito de que desde finais de abril deste ano o Goberno estea en funcións impediron a tramitación de diversas normas pola canle parlamentaria ordinaria.

A prolongación da dita situación fai ineludible a aprobación de determinadas medidas, basicamente para prorrogar algunhas cuxa vixencia finalizaría, doutro modo, co inicio do novo ano.

II

Este real decreto lei consta de sete artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

En primeiro lugar, dentro das medidas adoptadas no ámbito tributario e catastral, prorroganse para o período impositivo 2020 os límites cuantitativos que delimitan no imposto sobre a renda das persoas físicas o ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva para as actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación do método, con excepción das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que teñen o seu propio límite cuantitativo por volume de ingresos.

Á semellanza da mencionada medida, prorroganse para o período impositivo 2020 os límites para a aplicación do réxime simplificado e o réxime especial da agricultura, gandería e pesca, no imposto sobre o valor engadido.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei xustifícase neste suposto porque o período transitorio inicialmente concedido, que abrangue os períodos impositivos 2016, 2017, 2018 e 2019, se manifestou insuficiente e a súa ampliación ao exercicio 2020 debe efectuarse antes do 1 de xaneiro do dito ano, xa que no caso contrario os contribuíntes afectados pasarían a tributar desde esa data conforme o método de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas e polo réxime xeral do imposto sobre o valor engadido, o que incidiría nas súas obrigas formais, de facturación e nos pagamentos á conta que soportan, cun incremento das cargas administrativas.

Como consecuencia da prórroga que se introduce nos límites excluíntes do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, fíxase, mediante a pertinente disposición transitoria, un novo prazo para presentar as renuncias ou revogacións aos citados métodos e réximes especiais.

En segundo termo, esténdese o mantemento do gravame do imposto sobre o patrimonio ao exercicio 2020.

O Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, recuperou o gravame do dito imposto de forma transitoria, só para os anos 2011 e 2012. A exposición de motivos do real decreto lei xustificouno pola necesidade de asegurar a estabilidade da nosa economía e favorecer a recuperación e o emprego mediante a aplicación do principio de equidade, de forma que houbera unha maior contribución á saída da crise económica por parte daqueles que tiñan unha maior capacidade económica, de tal maneira que estes contribuísen en maior medida, reforzando así o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria asumidos por España. Ben que a prórroga inicial do imposto sobre o patrimonio se aprobou

para unha vixencia de dous anos, as necesidades orzamentarias motivaron a prórroga anual do imposto durante os seguintes exercicios, desde 2013. O argumento esgrimido en todas elas incidiu na idoneidade do tributo en momentos en que se facía imprescindible a consolidación fiscal.

Os anteditos motivos que xustificaron as sucesivas prórrogas explican a que agora se aproba.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante dun real decreto lei fundaméntase neste caso, ademais de polas razóns citadas, porque se considera pertinente, en prol do principio de seguridade xurídica, que os contribuíntes do dito imposto, malia que a súa devindicación se produce o 31 de decembro, coñezan ao comezo do exercicio que o seu gravame se manterá durante este.

Ademais, inclúese a relación de actividades prioritarias de mecenado para o ano 2020.

A incorporación das actividades mediante un real decreto lei xustifícase en prol do principio de seguridade xurídica, pois doutro modo a súa aplicación durante o dito exercicio non poderá levarse a cabo ata que non se aprobe por unha norma de rango legal, o que repercutiría de forma negativa na promoción e fomento de tales actividades.

O real decreto lei tamén inclúe a aprobación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais de inmobles urbanos para 2020 nos termos do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, que prevé a dita actualización en determinados supostos mediante a incorporación da medida na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano. Xa que a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 non vai ter lugar no calendario ordinario, e dado que se trata dunha medida que ten unha repercusión inmediata no imposto sobre bens inmobles, que se devindica o 1 de xaneiro de cada ano natural, resulta obrigado utilizar un real decreto lei para que entre en vigor antes da finalización do presente exercicio. Coa aprobación desta medida contribúese a reforzar o financiamento municipal, a consolidación fiscal e a estabilidade orzamentaria das entidades locais, e será de aplicación nos municipios que cumpran os requisitos recollidos no marco normativo habilitado para tal efecto, esencialmente a solicitude formulada por cada un dos concellos aos cales concirne, que poderían non ver cumpridas as previsións orzamentarias que realizasen contando coa dita actualización se a medida non chega a aprobarse.

A Directiva 2014/40/UE do Parlamento e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de fabricación, presentación e venda dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados, e pola que se derroga a Directiva 2001/37/CE, prevé a implantación dun sistema que permitirá o seguimento e rastrexo de cada unidade dos produtos de tabaco na Unión Europea, o que facilitará o control de toda a cadea de subministración, desde a fabricación ou importación ata a venda ao consumidor, pasando pola distribución e almacenaxe, o control das máquinas e instalacións utilizadas ou as rutas de envío, e impón obrigas aos operadores e aos Estados membros.

Pola súa banda, o Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco, habilita a entidade emisora para que cobre a xeración e a emisión de identificadores únicos aos operadores económicos, sen que ata a data se aprobase o instrumento habilitante necesario para este cobramento. É por iso que, ante a necesidade de seguir cumprindo coa normativa comunitaria, así como coas funcións propias atribuídas á entidade emisora dos identificadores únicos, é de extraordinaria e urxente necesidade regular no presente real decreto lei, sen prexuízo do seu posterior desenvolvemento, a prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación do servizo de xeración e emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco.

III

No ámbito da Seguridade Social, a revalorización de pensións é unha cuestión de máxima relevancia para os pensionistas e, como tal, un dereito recoñecido no artigo 50 da nosa Constitución. A intención do Goberno é cumprir co compromiso adquirido e comunicado ao respecto á Comisión Europea dentro do Plan orzamentario 2020 do Reino de España, garantindo o mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas no próximo exercicio a través dunha actualización das pensións do 0,9 por cento desde o 1 de xaneiro de 2020. Non obstante, ao encontrarse en funcións nos termos sinalados no artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e, en concreto, ante a imposibilidade de aprobar o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2020, resulta inevitable nas actuais circunstancias pospor a aplicación desta medida ata o momento en que o Goberno estea en pleno uso da súa capacidade propositiva e normativa, de conformidade co artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e sen prexuízo de que os efectos da revalorización se retrotraian, en todo caso, ao principio do ano.

En coherencia co anterior, debe suspenderse a aplicación do artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, por tres razóns fundamentais. Por outra parte, o dito precepto foi amplamente cuestionado no marco do diálogo social e entre os grupos parlamentarios no seo do Pacto de Toledo, ata o punto de que non foi aplicado nos exercicios 2018 e 2019 co fin de evitar unha revalorización que tería suposto unha perda de poder adquisitivo para os pensionistas. Por outra parte, a suba mínima do 0,25 por cento contida no citado artigo obrigaría a duplicar a realización dun aplicativo informático concreto, así como o envío de comunicacións aos beneficiarios, co conseguinte incremento de custos e a diminución da eficiencia do sistema. E, finalmente, o equilibrio financeiro da Seguridade Social exixiría que a revalorización viñese acompañada doutras medidas dirixidas a reforzar os ingresos do sistema que neste momento non poden adoptarse ao iren máis alá do despacho ordinario dos asuntos públicos que neste momento limitan a xestión do Goberno.

Por maior abastanza, debe terse en conta que no ano 2019 todas as pensións gañaron poder adquisitivo, dado que a variación media do índice de prezos de consumo ao longo do ano vai resultar sensiblemente inferior á revalorización do 1,6 por cento, con carácter xeral, e un 3 por cento para as contías mínimas establecidas polo Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.

A limitación da capacidade legislativa dun Goberno en funcións obriga tamén a prorrogar algunhas das medidas adoptadas no Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, en materia de bases e tipos de cotización á Seguridade Social, para garantir a súa aplicabilidade a partir do 1 de xaneiro de 2020, dado o carácter temporal que tiña esta norma, circunscrita ao ano 2019. Por iso, acórdase o mantemento de determinadas normas de cotización previstas nos artigos 3 ao 9 dese texto legal, relativos aos topes e bases máximas de cotización do Sistema da Seguridade Social, á cotización dos sistemas especiais de empregados de fogar e os dos traballadores agrarios por conta allea e propia, ás bases e tipos de cotización do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, á cotización no sistema especial para manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación, así como á prolongación da suspensión do sistema de redución das cotizacións por contingencias profesionais debidas á diminución da sinistralidade laboral.

Así mesmo, é de urxente necesidade manter a ampliación do prazo de cancelación para os préstamos outorgados polo Estado á Administración da Seguridade Social, así como as moratorias concedidas por esta a diversas institucións sanitarias que se viñan recoñecendo en anteriores normas orzamentarias.

Por último, debe garantirse durante 2020 o mantemento da normativa previa á Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social, para determinados colectivos que viron extinguida a súa relación

laboral antes de 2013. Á vista de que a prórroga desta previsión ata o 31 de decembro de 2019, recollida polo Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, non foi suficiente para paliar os efectos que a nova regulación causaría a aqueles traballadores que saíron do mercado laboral a idade avanzada sen poder retomar a súa carreira profesional e coa conseguinte afectación directa nas súas cotizacións e prestacións, cómpre, por razóns de seguridade xurídica e de preservación da igualdade, a súa extensión ata o final de 2020.

IV

Este real decreto lei inclúe, igualmente, unha disposición mediante a cal, mentres non se aprobe o real decreto polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2020 no marco do diálogo social, nos termos establecidos naquel, e de acordo co previsto no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, se prorrogan os efectos do Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

Dado que o citado Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, deixará de producir efectos o próximo 31 de decembro, concorren razóns de extraordinaria e urxente necesidade que fan ineludible manter a súa vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2020. Garántese deste modo a seguridade xurídica e dáse continuidade á función do salario mínimo interprofesional de servir de chan ou garantía salarial mínima para as persoas traballadoras.

Esta disposición é conforme, polo tanto, coas capacidades do Goberno en funcións ao estar limitada materialmente, ao non supoñer unha revisión da contía do salario mínimo interprofesional senón unha prórroga do vixente e, temporalmente, ao aplicarse unicamente ata que se adopte un novo real decreto que fixe a súa contía para o 2020.

V

Esta norma axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular, aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa encóntrase xustificada por unha razón de interese xeral, despois de se identificaren os fins perseguidos e entendéndose que é o real decreto lei o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución. Por outra banda, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, despois de constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. De igual modo, como garantía do principio de seguridade xurídica, esta iniciativa normativa adóptase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, o que xera un marco normativo de certeza, que facilita o seu coñecemento e, en consecuencia, a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas afectadas.

Esta norma tamén é coherente co principio de transparencia ao definir claramente a situación que a motiva e os seus obxectivos, descritos nesta parte expositiva e na memoria da análise de impacto normativo, sen que se realizasen os trámites de participación pública, ao abeiro da excepción que para os reais decretos lei establece a Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns, así como os menores custos indirectos.

A tramitación deste real decreto lei efectúaa un Goberno en funcións, circunstancia que se axusta ao disposto polo artigo 21.3 da citada Lei 50/1997, precepto conforme o cal «o Goberno en funcións facilitará o normal desenvolvemento do proceso de formación do novo Goberno e o traspaso de poderes a este e limitará a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos, mentres que se absterá de adoptar, salvo casos de

urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique, calquera outra medida».

E iso é así porque, nesta ocasión, como se sinalou ao xustificar o presuposto habilitante do real decreto lei para as distintas medidas que este contén, concorre o suposto excepcional de urxencia que constitúe unha das ampliacións do ámbito de válida actuación do Goberno en funcións.

Polo tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a, 14.^a e 17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, facenda xeral e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta das ministras de Facenda e de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto lei ten por obxecto establecer medidas urxentes en materia tributaria, catastral e de seguridade social.

CAPÍTULO II

Medidas en materia tributaria e catastral

Artigo 2. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2020, modifícase a disposición transitoria trixésimo segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo segunda. *Límites para a aplicación do método de estimación obxectiva nos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, as magnitudes de 150.000 e 75.000 euros, a que se refire a alínea a') da letra b) da norma 3.^a do número 1 do artigo 31 desta lei, quedan fixadas en 250.000 e 125.000 euros, respectivamente.

Así mesmo, para os ditos exercicios, a magnitude de 150.000 euros a que se refire a letra c) da norma 3.^a do número 1 do artigo 31 desta lei queda fixada en 250.000 euros.»

Artigo 3. *Modificación do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2020, modifícase o ordinal segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, que queda redactado da seguinte forma:

«Con efectos desde 1 de xaneiro de 2021, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 100 por cento aos suxeitos pasivos por obriga persoal ou real de contribuír. «

Dous Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38.»

Artigo 4. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2020, modifícase a disposición transitoria décimo terceira da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca nos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, a magnitude de 150.000 euros, a que se refire o primeiro guión do número 2º e o número 3º do punto dous do artigo 122, e o número 6.º do punto dous do artigo 124 desta lei, queda fixada en 250.000 euros.»

Artigo 5. *Actividades prioritarias de mecenado.*

1. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2020 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as enumeradas na disposición adicional septuaxésimo primeira da Lei 6/2018, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

2. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro, elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas na epígrafe anterior.

Artigo 6. *Coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

1. Os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o número 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, quedan fixados para 2020 conforme o seguinte cadro:

Año de entrada en vigor cadro de valores	Coeficiente de actualización
1984, 1985, 1986, 1987 y 1988.	1,05
1989, 1990, 1994, 1995, 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002 e 2003.	1,03
2011, 2012 e 2013.	0,97

2. Os coeficientes previstos no número anterior aplicaranse nos seguintes termos:

a) Cando se trate de bens inmobles valorados conforme os datos que constan no catastro inmobiliario, aplicarase sobre o valor asignado aos ditos bens para 2019.

b) Cando se trate de valores catastrais notificados no exercicio 2019, obtidos da aplicación de cadros de valores parciais aprobados no mencionado exercicio, aplicarase sobre os ditos valores.

c) Cando se trate de bens inmobles que sufrisen alteracións das súas características conforme os datos que constan no catastro inmobiliario, sen que as ditas variacións tivesen efectividade, o coeficiente aplicarase sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que servisen de base para fixar os valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio.

CAPÍTULO III

Medidas en materia de seguridade social

Artigo 7. Medidas en materia de seguridade social relativas á revalorización das pensións e outras prestacións públicas, ás bases e topes de cotización, á cotización de determinados colectivos e outras medidas conexas.

Provisionalmente, desde o 1 de xaneiro de 2020 e mentres non entre en vigor a Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito ano ou outra norma con rango legal que regule esta materia, a revalorización das pensións da Seguridade Social e de clases pasivas do Estado e a determinación doutras contías de prestacións públicas estatais, así como as bases mínimas e máximas de cotización e os tipos de cotización á Seguridade Social, rexeranse polas seguintes disposicións:

1. A revalorización das pensións e outras prestacións públicas rexerase polo disposto nesta epígrafe.

a) As pensións da Seguridade Social, as de clases pasivas do Estado, as causadas ao abeiro da lexislación especial de guerra e outras prestacións públicas estatais manterán o mesmo importe que tivesen recoñecido no 31 de decembro de 2019; manteranse, así mesmo, as contías de pensións e prestacións, así como os límites de ingresos aplicables que figuran no anexo I do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, e nos artigos 2 e 3 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo.

b) Para os efectos de dar cumprimento ao disposto na letra anterior, suspéndese a aplicación do establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, e no artigo 35 e disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

c) Unha vez aprobada a norma correspondente, a revalorización das pensións e outras prestacións públicas producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2020.

2. As contías do tope máximo e da base máxima de cotización no Sistema da Seguridade Social serán as establecidas no artigo 3 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

3. A cotización no sistema especial de empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social rexerase polo disposto no artigo 4 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

4. A cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social rexerase polo disposto no artigo 5 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

5. As bases mínimas de cotización dos traballadores por conta propia ou autónomos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos

e dos traballadores autónomos incluídos no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, manterán as contías que resultasen de aplicar o establecido no número 1 do artigo 6 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

As restantes bases de cotización determinaranse segundo as regras establecidas nos números 2 a 8 do artigo 6 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

6. Os tipos de cotización aplicables aos traballadores por conta propia ou autónomos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e aos traballadores autónomos incluídos no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, serán os mesmos tipos de cotización establecidos nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, coas previsións previstas na disposición transitoria segunda do mesmo texto legal.

7. As bases e tipos de cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, seguirán sendo os establecidos no artigo 9 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

8. Suspéndese a aplicación do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúsen de xeito considerable a sinistralidade laboral, previsto no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, para as cotizacións que se xeren durante o ano 2020.

9. Seguirá sendo de aplicación á cotización no sistema especial para manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación, dentro do réxime xeral da Seguridade Social, o disposto na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

10. As contías dos haberes reguladores para o cálculo das pensións de clases pasivas do Estado e das pensións especiais de guerra serán as establecidas no punto III do anexo I do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

Disposición adicional primeira. *Prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación do servizo de xeración e emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco.*

1. Para efectos da presente disposición, aplicaranse as definicións que figuran na Directiva 2014/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de fabricación, presentación e venda dos produtos do tabaco e produtos relacionados, e pola que se derroga a Directiva 2001/37/CE, e as definicións contidas no Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco.

2. Será exixible unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación dos servizos de xeración ou emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco por parte da entidade designada en España como emisor de identificación, de acordo co Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017.

3. A prestación patrimonial será exixible pola xeración ou emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco, de acordo co Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017.

4. O importe da prestación patrimonial será inicialmente, e ata a súa modificación conforme o parágrafo seguinte, de 1,97 euros por cada mil identificadores únicos emitidos ou xerados pola entidade designada en España como emisor de identificación, de acordo co Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017.

Corresponderalle ao Ministerio de Facenda por orde ministerial, por proposta da entidade designada en España como emisor de identificación, a adaptación deste importe conforme a evolución dos custos, adaptación tecnolóxica ou exixencia da norma

comunitaria e a súa normativa de desenvolvemento para a prestación dos servizos de xeración ou emisión de identificadores únicos para produtos do tabaco.

5. Quedan obrigados ao pagamento da prestación patrimonial os operadores económicos que soliciten á entidade designada en España como emisor de identificación a xeración ou emisión de identificadores únicos, de acordo co Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017.

6. A solicitude de xeración ou emisión de identificadores axustarase ao modelo, prazos e requisitos que se establezan por orde do Ministerio de Facenda, por proposta da entidade designada en España como emisor de identificación.

7. A xestión da prestación patrimonial corresponderalle á entidade designada en España como emisor de identificación. Poderá establecerse regulamentariamente a participación no procedemento de xestión doutros departamentos ministeriais, entes ou organismos distintos da entidade designada en España como emisor de identificación.

8. A prestación patrimonial rexerese pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e polas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento desta.

Disposición adicional segunda. Prórroga da Orde TMS/83/2019, do 31 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2019.

En canto non se opoña ao disposto neste real decreto lei, en materia de cotización á Seguridade Social manterase a aplicación da Orde TMS/83/2019, do 31 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2019.

Disposición adicional terceira. Ampliación do prazo de cancelación de préstamos outorgados á Seguridade Social.

Amplíase en dez anos, a partir de 2019, o prazo para a cancelación do préstamo outorgado á Seguridade Social polo Estado, a que se refire o artigo 12.Tres da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

Disposición adicional cuarta. Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.

As institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a vinte e cinco anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Cando as institucións sanitarias a que se refire o parágrafo anterior sexan declaradas en situación de concurso de acredores, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei, a moratoria quedará extinguida desde a data da dita declaración.

Disposición adicional quinta. Prórroga do prazo de vixencia do Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

Mentres non se aprobe o real decreto polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2020 no marco do diálogo social, nos termos establecidos naquel, e de acordo co previsto no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, prorróganse os efectos do Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

Disposición transitoria primeira. *Prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificados e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, para o ano 2020.*

1. O prazo de renuncias a que se refiren o artigo 33.1.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o artigo 33.2, parágrafo segundo, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como a súa revogación, que deben producir efectos para o ano 2020, será dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Boletín Oficial del Estado* do presente real decreto lei.

2. As renuncias e revogacións presentadas, para o ano 2020, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2019, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 anterior.

Disposición transitoria segunda. *Prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación do servizo de xeración e emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco.*

A prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación do servizo de xeración e emisión de identificadores únicos para os produtos do tabaco a que se refire a disposición adicional primeira deste real decreto lei exixirase respecto a todas aquelas xeracións ou emisións de identificadores únicos que se efectuasen a partir do 20 de maio de 2019.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Modifícase o número 5 da disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

5. Seguirase aplicando a regulación da pensión de xubilación, nas súas diferentes modalidades, requisitos de acceso, condicións e regras de determinación de prestacións, vixentes antes da entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, ás pensións de xubilación que se causen antes do 1 de xaneiro de 2021, nos seguintes supostos:

a) As persoas cuxa relación laboral se extingue antes do 1 de abril de 2013, sempre que con posterioridade a tal data non volvan quedar incluídas nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) As persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego, ou por medio de convenios colectivos de calquera ámbito, acordos colectivos de empresa, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados, subscritos ou declarados con anterioridade ao 1 de abril de 2013, sempre que a extinción ou a suspensión da relación laboral se produza con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.

Será condición indispensable que os indicados acordos colectivos de empresa se encontren debidamente rexistrados no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña, se é o caso, no prazo que regulamentariamente se determine.

c) Non obstante, as persoas a que se refiren as letras anteriores tamén poderán optar por que se aplique, para o recoñecemento do seu dereito a pensión, a lexislación que estea vixente na data do feito causante desta.»

Disposición derradeira segunda. *Cláusula de salvagarda para modificacións de norma de inferior rango.*

Mantense o rango das normas modificadas por este real decreto lei cando estas sexan de rango inferior.

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos números 7, 14 e 17 do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de lexislación laboral, facenda xeral e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Habíltanse o Goberno, a ministra de Facenda e a ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN